

SILENCIO

Bicho inútil! Non vales para nada!, berraba mentres ela choraba nun curruncho da cociña. Marta e Xosé pechaban os ollos para fuxir da realidade.

Nese instante un puñetazo caeu na cara de Rita, que choraba sen cesar. O férreo sabor do sangue inundou a súa boca. Esa xa non era a primeira vez que el lle pegaba, ela xa se fixera a ese sabor dende hai moito. Xa o tiña explorado dende principio a fin.

– E vós que mirades?- deulle unha torta a cada neno.- Ves? Estes son a culpa de todo, antes éramos felices... Eles teñen a culpa.- dirixíndose a ela en ton despectivo.

Rita encollíase cada vez máis, as bágoas esvaraban pola súa pel, mesturándose co sangue. Non quería levantar a vista, non quería estar alí, non quería existir. Quedou así por uns minutos, inconsciente do silencio da sala. O berro dos nenos espertouna dese sono en vida.

– Onde estás? Onde están meus fillos?- berrou desesperada. El marchara da cuarto cos nenos, só alcanzaba a escoitar berros afogados polas paredes.

Minutos despois da pelexa, caeu un silencio sepulcral no piso.

El tomou a decisión nese intre, estaba farto de Rita, dos fillos que só parecían dela, e de todo. Se non era dela, non sería de ninguén.

Grupo: Ricardo Lorenzo, Jorge Domínguez, Ían Casáis, Jorge Lojo

